



A Subdelegación do Goberno en Pontevedra, adscrita ao Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática, exerce todas as funcións atribuídas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, coordinando, supervisando e impulsando iniciativas para a mellora de todos os servizos da Administración Xeral do Estado e os seus Organismos públicos situados no seu territorio.

### Servizos que prestamos

- |   |   |
|---|---|
| 1 Información e atención á cidadanía.   | 11 Sanidade exterior.   |
| 2 Violencia sobre a muller.   | 12 Sanidade vexetal: control fitosanitario importación/exportación. |
| 3 Servizos dirixidos a inmigrantes en España.   | 13 Sanidade animal: control veterinario importación/exportación.    |
| 4 Servizos relacionados con emprego ou emigrantes.                                      | 14 Pesca marítima.  |
| 5 Homologación/equivalencia de títulos académicos estranxeiros e expedición de títulos. | 15 Devolución de taxas.   |
| 6 Tramitación de expedientes relacionados con explosivos e pirotecnia.                  | 16 Xustiza  |
| 7 Expropiacións. Tramitación de expediente de prezo xusto.                              | 17 Expedientes correspondentes a sancións administrativas.          |
| 8 Intervención estatal ante situacións de emerxencia ou catastróficas.                  | 18 Solicitudes de autorizacións administrativas.                    |
| 9 Vacinación internacional.   | 19 Servizos a empresas e outras administracións.                    |
| 10 Inspección de farmacia.  | 20 Dereito de reunión.  |

### Compromisos de calidade

- 1 Responder as queixas recibidas por calquera medio nun prazo máximo de 15 días hábiles desde a entrada na Subdelegación do Goberno.
- 2 Resolver as solicitudes de autorización de subministración de explosivos nun prazo máximo de 5 días hábiles desde a recepción da solicitude.
- 3 Asignar cita previa para os servizos de vacinación internacional nun prazo máximo de 15 días naturais desde a recepción da solicitude.
- 4 Resolver as solicitudes de autorización de armeiros para empresas de seguridade nun prazo máximo de 45 días hábiles desde a recepción do informe favorable da Intervención de Armas e Explosivos.
- 5 Contestar os correos electrónicos que soliciten información na Oficina de Información e Atención á Cidadanía / Oficina de Asistencia en Materia de Rexistros nun prazo de 10 días hábiles desde a recepción do correo.
- 6 Contestar os correos electrónicos que soliciten información da área de Educación nun prazo máximo de 15 días hábiles desde a recepción do correo.
- 7 Responder as consultas relacionadas coa tramitación de expedientes do Xurado de Expropiación nun prazo máximo de 15 días hábiles desde a súa recepción.

#### Unidade responsable da carta:

Secretaría Xeral da Subdelegación do Goberno en Pontevedra

Praza de España, s/n – 36002 Pontevedra

986 98 90 00

[secretario\\_general.pontevedra@correo.gob.es](mailto:secretario_general.pontevedra@correo.gob.es)

[https://mpt.gob.es/portal/delegaciones\\_gobierno/](https://mpt.gob.es/portal/delegaciones_gobierno/)

@DelGobGalicia



Consulte aquí o texto completo  
da carta de servizos

Edita: Ministerio de Política Territorial  
y Memoria Democrática  
NIPO: 127-24-008-2